



POLA UNIFICACIÓN DAS LOITAS

Aínda que pola falta de información pode parece-lo contrario, os traballadores de Navantia na ría de Ferrol non somos os únicos que nos estamos mobilizando.

CARTAGENA: Paralizada a gran carena dun submarino e retrasada a construción da serie dos S-80 (a entrega do primeiro, prevista inicialmente para o ano que ven, aprazouse para 2015 ou 2016). O comité de empresa denuncia que, como consecuencia, só hai uns 400 traballadores de compañías (debería haber 2.500) e está habendo despidos (200 nas últimas semanas). O luns realizaron un paro de 2 horas contra eses despidos e para esixir a aceleración dos traballos pendentes.

SAN FERNANDO: O luns entregouse o terceiro dos catro BAM da primeira fase; o derradeiro está finalizándose. A segunda fase dos BAM está exactamente igual cá sexta fragata: comprometida polo Goberno, pero sen orde de execución. O domingo 5 pola tarde, o comité de empresa encerrouse na factoría. Ó día seguinte, coincidindo coa participación do ministro de Defensa na cerimonia de entrega, os traballadores realizaron un paro e unha concentración nas portas da empresa.

CÁDIZ: Coincidindo co encerro de San Fernando, o comité de empresa realizou outro nesta factoría.

PUERTO REAL: Sen carga de traballo desde esta semana. O mesmo día que nós tomámo-lo concello, cortaron o tráfico na ponte da baía de Cádiz. O martes desta semana e onte volveron acudir á ponte para, sen corta-lo tráfico, repartir ós automobilistas un díptico reivindicativo.

MADRID: Encerro do comité de empresa entre o luns e o martes.

Como se ve, **HAI MOBILIZACIÓNS EN TÓDOLOS CENTROS, E TODAS POLA MESMA RAZÓN: A CARGA DE TRABALLO. ¿TEN SENTIDO QUE CADA FACTORÍA ANDE POLO SEU LADO?** ¿Por separado imos conseguir máis que xuntos? ¿Que nos convén máis, unirnos cos empresarios ferroláns ou unirnos cos nosos compañeiros das outras factorías? A resposta témola nos 150 anos de historia do movemento obreiro, incluídas Bazán e Astano: a unidade é a forza da clase obreira. A desunión só pode perxudicarnos a todos.

Tódolos traballadores témo-lo mesmo problema: os empresarios queren facernos paga-la crise do seu sistema capitalista. Por iso a única maneira de frear os ataques brutais da dereita e os empresarios é cunha loita unida de toda a clase obreira. Esta unidade témola que empezar a construír os traballadores que temos máis en común: unidade entre os traballadores de Navantia e das compañías dentro de cada factoría, unidade cos nosos compañeiros das outras factorías e tamén unidade co resto do sector naval, como os compañeiros de Vigo. Entre todos debemos preparar **UN PLAN DE LOITA UNIFICADO QUE REIVINDIQUE UNHA SOLUCIÓN QUE DEFENDA OS NOSOS INTERESES DE CLASE, QUE SON OS MESMOS PARA TODOS: UN TRABALLO ESTABLE, UNHA VIDA DIGNA E UN FUTURO PARA A XUVENTUDE.**

Ou nos salvamos todos, ou non se salva ninguén. Non vai haber solucións particulares (para unha persoa, para a plantilla dunha empresa ou dunha factoría, para os traballadores dunha comarca...). A loita ten que ser o máis ampla posible porque o problema é global, como lamentablemente volverá a demostrarse hoxe mesmo cando o PP aprobe a súa reforma laboral, que o ministro de Economía xa calificaba onte de “extremadamente agresiva”.